



INSTRUCCIÓN PARA RETIRAR CARRACHAS E ENVÍO DAS MOSTRAS

Retirada de carrachas:

- Para retirar as carrachas é preciso empregar unhas pinzas de punta fina. O tipo de pinzas que se empreguen para quitálas é fundamental para evitar danar ou comprimir a carracha e, polo tanto, para evitar a saída de fluídos potencialmente infecciosos (imaxe 1).
- Non empregar ningún produto para matalas (aceites, vaselinas,...), xa que poden regurxitar e, de estar infectadas, pasar a infección máis doadamente ao paciente.
- Retirar a carracha tan preto da superficie da pel como sexa posible, non facer presión sobre o corpo da carracha. Tirar cara a arriba cunha presión uniforme e constante (imaxe 2). Non torcer ou arrancar a carracha, xa que isto pode provocar que se rompan partes da boca e que queden na pel, e sen a boca a carracha non se identifica ben.
- Colocalas dentro do tubo/envase de análise ouriño. No mesmo tubo/envase poden ir todas as que se lle quiten á persoa.
- Después de retirala, limpar ben a área da picada con auga e xabón e desinfectar con povidona iodada ou clorhexidina. Ao terminar, lavarse as mans.
- Encher a ficha do paciente segundo o anexo I.



Imaxe 1: Tipo de pinzas que se deben empregar para retirar as carrachas



Imaxe 2: Xeito de retirar unha carracha



Envío de mostras

- As mostras deben remitirse á Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela (USC) en Lugo, máis concretamente ao GRUPO COPAR G1-2120.
- Introducir a ficha dobrada e o tubo nun sobre con franqueo pagado. En caso de non dispoñer nese momento de sobre de franqueo en destino se pode enviar a:
REGAVIVEC GRUPO COPAR G1-2120
F.D. 60015
27002 LUGO
- Empregarase un sobre por paciente.
- OJO: Enviar o sobre por correo ordinario. O franqueo está xa pagado.
- Mentres non se envíen, manter as carrachas a temperatura ambiente (nunca ao carón dunha fonte de calor).

Solicitude material/consultas:

USC: Mariasol Arias e Adolfo Paz (CONSULTAS)

- Tfno: 982 822 126
- Correo electrónico: mariasol.arias@usc.es e adolfo.paz@usc.es

Dirección Xeral de Saúde Pública (MATERIAL)

- Tfno: 881 540 044
- Correo electrónico: regavivec@sergas.gal